



## COMUNICADO DA AGSM-AEN SOBRE A XEFATURA DE SERVIZO DE PONTEVEDRA

Nestes días (9 decembro de 2016), o Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra estimou o recurso presentado por Víctor Pedreira procedendo a anular o proceso polo que se convocara e se resolvera a praza de Xefe de servizo de psiquiatría de Pontevedra (29 de maio de 2013).

Na sentenza advirte (entre outras consideracións) dun *desvío de poder*. Dende a AGSM-AEN consideramos que tanto o tribunal do concurso-oposición como a xerencia do CHOP incurriron nalgo que debe seren valorado como quizais o máis deplorábel no exercicio das funcións que, democráticamente, se lle outorgan.

A posición de convocar, avaliar e decidir implica que se lle concede pola cidadanía un poder especial que afecta tanto ás vidas dos empregados que concorren a un posto de traballo como tamén unha decisión chave ao redor dos proxectos que rexerán un sistema público de atención á saúde das persoas, como é o servizo de psiquiatría dun área sanitaria. Ao noso entender, cando nestes procesos de selección de persoal un tribunal debe realizar o traballo encomendado ten unha responsabilidade que afecta a algunhas das esenciais fundamentais da nosa sociedade.

As motivacións persoais, políticas e ideolóxicas semellan claras nesta irregularidade sobre da que a xuíz dictaminou sentenza. Levamos anos nos que contratacións, substitucións, gardas, interinidades non manteñen rigor e, nalgúnhas ocasións, nin sequera un mínimo pudor. Son as cousas do día a día, dos traballadores do común que seguramente vexan nesta sentenza o que moitos deles padeceron e padecen: favoritismos, endogamias, discrecionalidade... O *poder delegado* nunha democracia abandona a necesaria responsabilidade para transformarse nun *instrumento de poder*. Sen máis. Isto, tamén está por detrás do titular sobre dunha xefatura e a vontade e esforzo de Víctor por levar o seu caso ata o final: o xulgado.

Temos logo a resposta da admistración: Responsabilidade, cero. Pudor, cero. Explicacións, cero. Preocupación, cero. Unha vez máis, a posición ocupada é de carácter puramente persoal falando dende eles e non dende a condición de representantes da administración pública. Novamente o instrumento de poder enchendo o caso, as reaccións e as declaracións aos medios de comunicación.

Por último gostaríanos reflexionar acerca dos baremos repetidamente empregados nos procesos de selección. Non existe absolutamente ningunha mención, nin específica nin con carácter xeral, á orientación comunitaria da saúde mental. Valóranse artigos, congresos, ponencias, teses, anos traballados e unha morea de elementos máis pero non hai nada que reflecta o carácter comunitario da psiquiatría que explicita de xeito claro a norma que regula a atención á saúde mental en Galiza: o decreto 389/1994.

A sentenza coméntase por si soa. Compre leela e cavilar así como atender a algunhas manifestacións de significados membros do tribunal ao respecto da psiquiatría comunitaria: tercermundista e non científica.

O terceiro mundo e a ciencia son cousas moi serias. Esta sentenza, tamén.